



PROCESO SELECTIVO ADMINISTRATIVAS/OS DE ADMINISTRACIÓN XERAL DERIVADO DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO 2020-2021-2022 (2ª FASE), (SETE POLA QUENDA LIBRE)

**ANUNCIO: ACORDOS RELATIVOS ÁS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS AO 2º EXERCICIO E SUSPENSIÓN DO PRAZO DE CONVOCATORIA DO 3º EXERCICIO**

**ACORDOS RELATIVOS ÁS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS AO 2º EXERCICIO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO**

O órgano de selección, na sesión que tivo lugar o día 29.04.2026, adoptou os acordos que se anexan ao presente anuncio en relación coas reclamacións presentadas ao 2º exercicio, obrigatorio e eliminatorio.

Como resultados dos acordos adoptados mantéñense todas as puntuacións publicadas en data 22.04.2026.

Contra os referidos acordos as persoas reclamantes poderán interpoñer recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado partir do día seguinte a súa publicación.

**ACORDO DE SUSPENSIÓN POR 20 DÍAS DO PRAZO DE CONVOCATORIA DO 3º EXERCICIO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO**

O órgano de selección, na sesión que tivo lugar o día 06.05.2026, analizou o escrito presentado o día 01.05.2026 por unha das persoas aspirantes, no que se solicita a suspensión do prazo de convocatoria do 3º exercicio, obrigatorio e eliminatorio, ante un feito sobrevido, imprevisible e inevitable que lle impide realizar, nas seguintes datas, o 3º exercicio.

Quedan acreditadas no expediente as concretas circunstancias de gravidade e inevitabilidade expostas pola persoa solicitante mediante a achega de documentación expedida polo Servizo Galego de Saúde.

Xa que logo, como ensina a sentenza do 19.11.2008 do Tribunal Supremo, pode acollerse a invocación do artigo 1105 do Código Civil sobre o efecto da forza maior en caso de enfermidade grave (e curable en prazo razoable), para a exoneración do cumprimento de obrigacións e cargas, entre as que debe encadrarse a que se impón aos concursantes para poder continuar intervindo nas probas, de presentación a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2026 11:31	Páxina 1 de 19
3775-232	CSV: A1B9A7-D28339-A3854E-JWSAMS-Q4FLPC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



tempo aos sucesivos exercicios. Nesta mesma liña se pronuncia a sentenza do TSXG do 17.01.2001.

E, nesta liña a sentenza do 27.04.2009 conclúe que *“tampoco se ha de ignorar que en convocatorias de pruebas que, por sus características, se extienden a lo largo de un período de tiempo prolongado, no es necesariamente disfuncional atender, cuando es posible hacerlo sin extenderlo más allá de lo previsto, solicitudes de aplazamiento justificadas como la de este caso. Hacerlo no tiene por qué afectar a la seguridad jurídica ni romper las condiciones de igualdad entre los participantes”*.

Tense en conta a xurisprudencia do Tribunal Supremo ilustrada, en outras, en sentenzas do 17.06.2011, 27.05.2011 e 10.06.2009, así como que o acordo que se adopte debe gardar a debida proporcionalidade e garantirse a protección dos dereitos das demais persoas aspirantes. Así pois, unha eventual suspensión deberá limitarse ao tempo estritamente necesario, fixándose un prazo razoable que non prexudique o normal desenvolvemento do proceso, non cabendo admitir un aprazamento indefinido ou incerto.

En consecuencia, considerando a concorrencia dun suposto de forza maior na persoa solicitante que lle impide concorrer neste momento ao 3º exercicio en condicións de igualdade, en salvagarda do dereito consagrado no artigo 23.2 da CE e en observancia dos principios de igualdade, mérito e capacidade que deben presidir o acceso á función pública, acórdase suspender á convocatoria do 3º exercicio, obrigatorio e eliminatorio, por prazo de 20 días, contando a partir do día seguinte ao da súa publicación (quedando suspendido o cómputo de prazos previsto na base xeral décimo primeira).

Transcorrido o devandito prazo corresponderá á persoa aspirante, de ser o caso, solicitar e acreditar fehacientemente as adaptacións de tempos e medios que resulten necesarios para a realización do 3º exercicio, por razóns sobrevidas, o que levarase a cabo considerando a Orde PIC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen os criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Contra este acordo as persoas aspirantes poderán presentar os recursos que procedan consonte ao establecido nas bases xerais do proceso selectivo.

Vigo, na data da sinatura electrónica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2026 11:31	Páxina 2 de 19
3775-232	CSV: A1B9A7-D28339-A3854E-JWSAMS-Q4FLPC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**CONCELLO  
DE VIGO**



A secretaria do órgano de selección  
Lorena López Rodríguez

ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - (MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ) 07/05/2026 09:47:48

**Documento asinado**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2026 11:31	Páxina 3 de 19
3775-232	CSV: A1B9A7-D28339-A3854E-JWSAMS-Q4FLPC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**ACORDOS RELATIVOS ÁS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS AO 2º EXERCICIO,  
OBRIGATORIO E ELIMINATORIO**

1º.-

Data de presentación: 22.04.2026

Código de solicitude W1470570-8676

**CONTIDO DA RECLAMACIÓN:** solicita a copia do seu exercicio coa corrección e valoración desglosada das preguntas e a plantilla correctora do tribunal cos epígrafes e contidos mínimos.

**FUNDAMENTOS DO ACORDO:** Facilitaráselle unha copia do exercicio, previa exacción da taxa establecida. Así mesmo, comunicarase telefonicamente á persoa aspirante á posibilidade de acceder presencialmente ao exercicio de forma gratuíta.

De acordo co establecido nas Bases específicas que rexen o presente proceso selectivo, no segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, avalíanse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición. Trátase dunha proba que ten que ser lida obrigatoriamente ante o órgano de selección, en sesión pública. O exercicio puntúase de cero a dez puntos, sendo necesario para a súa superación, obter unha puntuación mínima de cinco puntos.

Ademais, como criterio de corrección, o órgano de selección acordou esixir un mínimo de solvencia en todos os temas desenvolto, polo que a presentación de temas en branco ou sen abordar provocaría a cualificación de non apto. Este criterio foi comunicado ás persoas aspirantes antes do inicio do segundo exercicio e consta, así mesmo, en acta.

Signifícase, ademais, que a lectura pública obligatoria permite ao órgano de selección apreciar de forma directa a claridade na presentación dos contidos, o grao de comprensión das materias e a solidez expositiva das persoas aspirantes.

Xa que logo, en aplicación do anterior, cómpre aclarar que é o exercicio o que debe acadar un mínimo de 5 puntos para que poda ser cualificado de apto, e non cada concreto epígrafe. Para obter a cualificación que resulte, en aplicación das bases que

Copia do documento - Concello de Vigo  
3775-232

Data impresión: 07/05/2026 11:31

Páxina 4 de 19

CSV: A1B9A7-D28339-A3854E-JWSAMS-Q4FLPC-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



rexen o proceso selectivo, cada membro con dereito a voto asigna unha puntuación ao exercicio que servirá para o cálculo da media aritmética.

Tocante aos contidos a desenvolver, cómpre apuntar que o temario conforma os diferentes temas a través dunha composición de concretos epígrafes. As persoas aspirantes, dentro da liberdade de composición que caracteriza a un exercicio cuxo obxecto é a exposición do nivel dos coñecementos adquiridos sobre concretas materia, teñen que acreditar un coñecemento suficiente do conxunto de ideas esenciais, conceptos clave, características básicas e regulación principal de cada tema a tratar e acompañar a súa exposición dunha suficiencia de precisión, rigor, claridade e síntese, sen que exista unha única resposta, esquema, perspectiva ou planteamento expositivo válido e excluínste de calquera outro.

No relativo á valoración desglosada do exercicio, seguidamente desagregase a puntuación asignada por cada membro do órgano de selección con dereito a voto:

Presidencia	Vogal 1º	Vogal 2º	Vogal 3º	Puntuación (media aritmética)
5	7	6,625	6	6,1562

A continuación facilítaselle a aplicación razoada, ao seu exercicio, dos criterios de corrección establecidos nas bases que rexen o presente proceso selectivo, do que resulta a puntuación acadada:

<b>COÑECEMENTO DA MATERIA</b>	<p>En xeral, acredita un coñecemento suficiente das materias.</p> <p>Obsérvanse omisións relevantes tales como a falta de desenvolvemento dalgúns epígrafes que, a nivel avaliación, se compensan considerando o conxunto executado.</p> <p>En ocasións o tratamento da materia resulta algo parco e pouco detallado.</p> <p>A distribución expositiva ten un grao desigual, observándose apartados que acadan un bo nivel de detalle fronte a outros nos que as ideas son esbozadas e presentan algún erro e imprecisión. En concreto, o tema relativo ao procedemento administrativo local carece da perspectiva local que esixe a materia, se ben contén</p>
-------------------------------	---





	<p>elementos e ideas básicas e desenvolve conceptos esixidos nalgúns dos epígrafes.</p> <p>O apoio normativo é pertinente, se ben non exhaustivo.</p>
<b>CLARIDADE E ORDE</b>	<p>A estruturación dos textos resulta esquemática de forma recorrente o que leva á presentación fragmentada das ideas. Esta composición dificulta a transición entre ideas e conceptos.</p> <p>A asimilación dos elementos clave é correcta (con algunha imprecisión) e o discurso comprensible en termos xerais. Sen embargo, a construción dada á exposición resta fluidez, cohesión e orde ao resultado final.</p>
<b>EXPRESIÓN ESCRITA E CAPACIDADE DE SÍNTESE</b>	<p>Falta cohesión na composición. En ocasións resulta moi sintético e o desenvolvemento das ideas é limitado. O uso frecuente de estruturas esquemáticas limita a apreciación do manexo da capacidade da expresión escrita.</p> <p>O desenvolvemento do exercicio, con falta de equilibrio e omisións, amosa unha capacidade de síntese mellorable aínda que identifica, en xeral, as ideas principais.</p>
<b>RIGOR E PRECISIÓN</b>	<p>En xeral, fai uso da linguaxe administrativa e non presenta erros de gran entidade. Non obstante, existen imprecisións e non acada un nivel especialmente destacado de rigor expositivo. Non sobresa pola precisión ou solidez conceptual.</p>

ACORDO: Expedir copia do exercicio previa exacción da taxa correspondente e comunicar á persoa aspirante a puntuación desagregada e a súa motivación consonte os fundamentos do acordo.

2º.-

Data de presentación: 23.04.2026 e 27.04.2026

Código de solicitude W1471777-7020 e W1473917-5093

CONTIDO DA RECLAMACIÓN: no escrito presentado o día 23.04.2026 solicita a copia de todos os exames correspondentes ao 2º exercicio e as notas correspondentes, así como a motivación do seu exame coa nota que corresponde, a suma total e cada parte individualmente. No escrito presentado o día 27.04.2026 solicita copia de todos os exames do 2º exercicio e as notas que lles corresponden e a motivación e corrección do seu exame coa súa nota, a suma total e cada parte individualmente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2026 11:31	Páxina 6 de 19
3775-232	CSV: A1B9A7-D28339-A3854E-JWSAMS-Q4FLPC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Tamén solicita a ampliación de prazo de alegacións ata que teña coñecemento da información solicitada, especialmente a súa puntuación.

**FUNDAMENTOS DO ACORDO:** Conferirase acceso, previa anonimización, aos exercicios cualificados de aptos. Así mesmo, comunicarase telefonicamente á persoa aspirante á posibilidade de acceder presencialmente ao seu exercicio de forma gratuíta.

De acordo co establecido nas Bases específicas que rexen o presente proceso selectivo, no segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, avalíanse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición. Trátase dunha proba que ten que ser lida obrigatoriamente ante o órgano de selección, en sesión pública. O exercicio puntúase de cero a dez puntos, sendo necesario para a súa superación, obter unha puntuación mínima de cinco puntos.

Ademais, como criterio de corrección, o órgano de selección acordou esixir un mínimo de solvencia en todos os temas desenvolto, polo que a presentación de temas en branco ou sen abordar provocaría a cualificación de non apto. Este criterio foi comunicado ás persoas aspirantes antes do inicio do segundo exercicio e consta, así mesmo, en acta.

Signifícase, ademais, que a lectura pública obligatoria permite ao órgano de selección apreciar de forma directa a claridade na presentación dos contidos, o grao de comprensión das materias e a solidez expositiva das persoas aspirantes.

Xa que logo, en aplicación do anterior, cómpre aclarar que é o exercicio o que debe acadar un mínimo de 5 puntos para que poda ser cualificado de apto, e non cada concreto epígrafe. Para obter a cualificación que resulte, en aplicación das bases que rexen o proceso selectivo, cada membro con dereito a voto asigna unha puntuación ao exercicio que servirá para o cálculo da media aritmética.

O exercicio realizado obtivo unha puntuación de 4 puntos como resultado do seguinte desglose de cualificacións:

Presidencia	Vogal 1º	Vogal 2º	Vogal 3º	Puntuación (media aritmética)
3*	3	5	6*	4





\*De conformidade coas Bases xerais "Disposicións aplicables a ambos sistemas": "A puntuación de cada aspirantes nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións da totalidade das persoas integrantes do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (sólo unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis".

A aplicación dos criterios de corrección ao exercicio queda expresada na seguinte táboa:

<p><b>COÑECEMENTO DA MATERIA</b></p>	<p>Algúns dos epígrafes amosan un tratamento acaído das materias, identificándose adecuadamente as ideas principais. Sen embargo, tamén se observan reiteracións de contido que non engaden información e advírtense erros relevantes nalgúns apartados, evidenciando un descoñecemento da materia ou falta de comprensión de conceptos (véxase a afirmación da aprobación da <i>Lei de Administración Electrónica</i> ou a forma na que expón o procedemento administrativo, entre outros). Advertiuse, tamén, a ausencia de contidos cualificados de esenciais, polo que existen omisións de relevancia.</p> <p>En xeral, considérase que a existencia de imprecisións e erros contrarrestan a correcta identificación dos elementos principais, se ben, tamén existen valoracións positivas a respecto do esforzo que o exercicio amosa por non limitarse a ideas básicas e aportar algún detalle que afonda na materia. Pola contra, nese intento de maior detalle ás veces se evidencia unha comprensión deficiente de certos conceptos.</p> <p>O apoio normativo é parco.</p>
<p><b>CLARIDADE E ORDE</b></p>	<p>O tratamento dalgunhas materias fórmase dunha forma confusa dificultando a transmisión das ideas. Algúns contidos non se presentan correctamente diferenciados e algúns conceptos non conseguen delimitarse correctamente.</p> <p>A orde permite seguir o discurso.</p>
<p><b>EXPRESIÓN ESCRITA E CAPACIDADE DE SÍNTESE</b></p>	<p>Realízanse observacións sobre a expresión escrita e a uso da linguaxe administrativa, que se considera mellorable. O exercicio de síntese tamén presenta deficiencias aínda que existen apartados cunha análise aceptable e uso máis correcto dos conceptos administrativos. En xeral, o discurso considérase pouco fluído.</p>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2026 11:31	Páxina 8 de 19
3775-232	CSV: A1B9A7-D28339-A3854E-JWSAMS-Q4FLPC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**RIGOR E  
PRECISIÓN**

Presenta defectos de certa entidade e imprecisións en algúns contidos, incluíndo afirmacións incorrectas. A falta de rigor, nalgúns casos, valórase como unha insuficiencia na solidez do tratamento das materias.

ACORDO: Conferir acceso aos exercicios cualificados como aptos previa anonimización, así como ao da persoa aspirante, e comunicar a puntuación desagregada e a súa motivación consonte os fundamentos do acordo.

3º.-

Data de presentación: 24.06.2026

Código de solicitude W1472672-9216

CONTIDO DA RECLAMACIÓN: solicita coñecer a puntuación concreta obtida no 2º exercicio, acceder á plantilla de corrección ou modelo de resposta considerado correcto polo tribunal cualificador e obter acceso, respectando a normativa de protección de datos persoais, a copia anonimizada dos exames das persoas aspirantes que foron cualificados de aptos.

FUNDAMENTOS DO ACORDO: Conferírase acceso, previa anonimización, dos exercicios cualificados como aptos .Así mesmo, comunicárase telefonicamente á persoa aspirante á posibilidade de acceder presencialmente ao exercicio de forma gratuíta.

De acordo co establecido nas Bases específicas que rexen o presente proceso selectivo, no segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, avalíanse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición. Trátase dunha proba que ten que ser lida obrigatoriamente ante o órgano de selección, en sesión pública. O exercicio puntúase de cero a dez puntos, sendo necesario para a súa superación, obter unha puntuación mínima de cinco puntos.

Ademais, como criterio de corrección, o órgano de selección acordou esixir un mínimo de solvencia en todos os temas desenvolto, polo que a presentación de temas en branco ou sen abordar provocaría a cualificación de non apto. Este criterio foi comunicado ás persoas aspirantes antes do inicio do segundo exercicio e consta, así mesmo, en acta.





Signifícase, ademais, que a lectura pública obligatoria permite ao órgano de selección apreciar de forma directa a claridade na presentación dos contidos, o grao de comprensión das materias e a solidez expositiva das persoas aspirantes.

Xa que logo, en aplicación do anterior, cómpre aclarar que é o exercicio o que debe acadar un mínimo de 5 puntos para que poda ser cualificado de apto, e non cada concreto epígrafe. Para obter a cualificación que resulte, en aplicación das bases que rexen o proceso selectivo, cada membro con dereito a voto asigna unha puntuación ao exercicio que servirá para o cálculo da media aritmética.

Tocante aos contidos a desenvolver, cómpre apuntar que o temario conforma os diferentes temas a través dunha composición de concretos epígrafes. As persoas aspirantes, dentro da liberdade de composición que caracteriza a un exercicio cuxo obxecto é a exposición do nivel dos coñecementos adquiridos sobre concretas materia, teñen que acreditar un coñecemento suficiente do conxunto de ideas esenciais, conceptos clave, características básicas e regulación principal de cada tema a tratar e acompañar a súa exposición dunha suficiencia de precisión, rigor, claridade e síntese, sen que exista unha única resposta, esquema, perspectiva ou planteamento expositivo válido e excluínste de calquera outro.

Na seguinte táboa facilítase a nota obtida polo exercicio, resultado da media aritmética das puntuacións asignadas polos membros con dereito a voto:

Presidencia	Vogal 1º	Vogal 2ª	Vogal 3º	Puntuación (media aritmética)
3	4,5	5,25	4	4,1875

ACORDO: Comunicar á persoa aspirante que poderá acceder aos exercicios cualificados de aptos, previa anonimización, de forma gratuíta, nas dependencias municipais e comunicarlle a puntuación desagregada consonte aos fundamentos do acordo.

4º.-

Data de presentación: 24.04.2026

Código de solicitude W1472704-4923

CONTIDO DA RECLAMACIÓN: solicita a corrección do seu 2º exercicio así como os baremos aplicados para a dita corrección.





FUNDAMENTOS DO ACORDO: O órgano de selección procede á revisión do exercicio realizado, logo do que, os membros con dereito a voto ratifican as súas correspondentes puntuacións, manténdose a nota obtida pola persoa aspirante: 3,75.

De acordo co establecido nas Bases específicas que rexen o presente proceso selectivo, no segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, avalíanse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición. Trátase dunha proba que ten que ser lida obrigatoriamente ante o órgano de selección, en sesión pública. O exercicio puntúase de cero a dez puntos, sendo necesario para a súa superación, obter unha puntuación mínima de cinco puntos.

Ademais, como criterio de corrección, o órgano de selección acordou esixir un mínimo de solvencia en todos os temas desenvolto, polo que a presentación de temas en branco ou sen abordar provocaría a cualificación de non apto. Este criterio foi comunicado ás persoas aspirantes antes do inicio do segundo exercicio e consta, así mesmo, en acta.

Signifícase, ademais, que a lectura pública obligatoria permite ao órgano de selección apreciar de forma directa a claridade na presentación dos contidos, o grao de comprensión das materias e a solidez expositiva das persoas aspirantes.

Xa que logo, en aplicación do anterior, cómpre aclarar que é o exercicio o que debe acadar un mínimo de 5 puntos para que poda ser cualificado de apto, e non cada concreto epígrafe. Para obter a cualificación que resulte, en aplicación das bases que rexen o proceso selectivo, cada membro con dereito a voto asigna unha puntuación ao exercicio que servirá para o cálculo da media aritmética.

A aplicación dos criterios de corrección contidos nas bases que rexen o presente proceso selectivo, ao exercicio realizado pola persoa aspirante, contense na seguinte táboa:

<b>COÑECEMENTO DA MATERIA</b>	Presenta omisións relevantes ao non abordarse mínimamente algúns epígrafes, sendo superflúo o tratamento dalgún deles. Con certa frecuencia recórrese ao emprego de fórmulas xenéricas que aportan pouco contido substantivo. Con todo, existe algunha mención positiva á formulación de elementos de detalle ou transversais, á acaída composición dalgunhas introduccións e á
-----------------------------------	---





	suficiencia (aínda que estrita) dalgúns contidos. O nivel de coñecementos acreditado é desigual, con omisións de entidade.
<b>CLARIDADE E ORDE</b>	Falta sistemática nalgunhas exposicións, aínda que a estruturación da redacción é ordenada e facilita a comprensión.
<b>EXPRESIÓN ESCRITA E CAPACIDADE DE SÍNTESE</b>	Existe un traballo de redacción que trata de proporcionar un discurso elaborado. Sen embargo, queda contrarrestado polo emprego de fórmulas extensas que aportan pouco valor e o recurso a xeneralidades que non aportan información relevante. O desequilibrio presente no distinto nivel de desenvolvemento dos epígrafes e a existencia de omisións significativas contrasta coa presenza dun contido máis indirectamente pertinente. A eficiencia do exercicio de síntese resulta, por ilo, mellorable.
<b>RIGOR E PRECISIÓN</b>	Presenta varios erros e pouco rigor nas explicacións dalgúns elementos.

ACORDO: Comunicar á persoa aspirante a puntuación e a súa motivación consonte aos fundamentos do acordo.

5º.-

Data de presentación: 26.04.2026

Código de solicitude W1473002-2630

CONTIDO DA RECLAMACIÓN: solicita unha segunda corrección e que se publiquen os baremos de cualificación así como os puntos clave dos temas que se debían tratar en cada un deles para obter a cualificación mínima de 5.

FUNDAMENTOS DO ACORDO: O órgano de selección procede á revisión do exercicio realizado, logo do que, os membros con dereito a voto ratifican as súas correspondentes puntuacións, manténdose a nota obtida pola persoa aspirante: 4,25.

De acordo co establecido nas Bases específicas que rexen o presente proceso selectivo, no segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, avalíanse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición. Trátase dunha proba que ten que ser lida obrigatoriamente ante o órgano de selección, en sesión pública. O exercicio puntúase de cero a dez puntos, sendo necesario para a súa superación, obter unha puntuación mínima de cinco puntos.





Ademais, como criterio de corrección, o órgano de selección acordou esixir un mínimo de solvencia en todos os temas desenvolto, polo que a presentación de temas en branco ou sen abordar provocaría a cualificación de non apto. Este criterio foi comunicado ás persoas aspirantes antes do inicio do segundo exercicio e consta, así mesmo, en acta.

Signifícase, ademais, que a lectura pública obligatoria permite ao órgano de selección apreciar de forma directa a claridade na presentación dos contidos, o grao de comprensión das materias e a solidez expositiva das persoas aspirantes.

Xa que logo, en aplicación do anterior, cómpre aclarar que é o exercicio o que debe acadar un mínimo de 5 puntos para que poda ser cualificado de apto, e non cada concreto epígrafe. Para obter a cualificación que resulte, en aplicación das bases que rexen o proceso selectivo, cada membro con dereito a voto asigna unha puntuación ao exercicio que servirá para o cálculo da media aritmética.

A aplicación dos criterios de corrección contidos nas bases que rexen o presente proceso selectivo, ao exercicio realizado pola persoa aspirante, contense na seguinte táboa:

<b>COÑECEMENTO DA MATERIA</b>	O exercicio presenta omisións relevantes ao non ser abordados varios dos epígrafes do temario, así como deficiencias na conexión entre materias. Ademais, un dos temas contén, en boa medida, unha reiteración do xa exposto e non se axusta ás peculiaridades que require a materia. Nalgúns casos, avalíase positivamente a pertinencia dos contidos e o esforzo por aportar información de maior detalle sobre os conceptos identificados como básicos. Algúns apartados presentan certa suficiencia. O esforzo expositivo valórase de forma diversa ante a presenza de imprecisións e omisións de entidade.
<b>CLARIDADE E ORDE</b>	Falta cohesión e fluidez na redacción. A estruturación e organización da información é mellorable.
<b>EXPRESIÓN ESCRITA EC CAPACIDADE DE SÍNTESE</b>	En xeral, compréndese as ideas (con erros) aínda que as eleccións léxicas non sempre son precisas. A existencia de omisións relevantes revela ineficiencias no exercicio de síntese.



**RIGOR E  
PRECISIÓN**

Presenta varios erros cando afonda nas materias e pouco rigor na exposición de supostos. As formulacións non sempre se axustan ao rigor co que deben ser tratadas as materias.

ACORDO: Comunicar á persoa aspirante a ratificación da puntuación obtida no seu 2º exercicio, logo da revisión realizada polo órgano de selección, xunto coa motivación contida nos fundamentos do acordo.

6º.-

Data de presentación: 24.04.2026

N.º Rexistro: R20260043453

CONTIDO DA RECLAMACIÓN: solicita que lle sexa trasladada a cualificación do seu 2º exame e a súa motivación, con suspensión do prazo para presentar alegacións.

FUNDAMENTOS DO ACORDO: En atención ao solicitado, trasládase que a nota do exercicio é a seguinte: 4,1875.

No relativo á suspensión do prazo, comunícaselle que na reclamación formulada non concorren as circunstancias do único suposto suspensivo previsto nas Bases xerais, a cuxo contido cómpre remitirse.

Doutra banda, a aplicación dos criterios de corrección contidos nas bases que rexen o presente proceso selectivo, ao exercicio realizado pola persoa aspirante, contense na seguinte táboa:

<b>COÑECEMENTO DA MATERIA</b>	<p>O exercicio presenta omisións relevantes ao non abordar algúns dos epígrafes do temario así como exposición de conceptos nas que se omiten os elementos principais. En ocasións amosa o manexo da estrutura da norma que refire (con correcta remisión ao articulado), sen embargo, moitos conceptos carecen de desenvolvemento máis aló da remisión a un precepto.</p> <p>Formúlase algunha valoración positiva a respecto da existencia de elementos que evidencian o esforzo por aportar un contido non sempre básico (peculiaridades procedimentais ou supostos de aplicación), sen embargo, ilo acompáñase da presenza de erros.</p>
<b>CLARIDADE E</b>	Mellorable, con defectos de sistemática nalgúns apartados. En xeral,





<b>ORDE</b>	compréndese a exposicións e amósanse erros na comprensión de contidos.
<b>EXPRESIÓN ESCRITA E CAPACIDADE DE SÍNTESE</b>	A composición é mellorable, en xeral, sen erros de gran entidade. Falta equilibrio entre partes e obsérvase que, as veces, o desenvolvemento máis extenso dalgún apartado, non se acompaña do desenvolvemento dos epígrafes esixidos no tema, quedando o contido principal sen abordar.
<b>RIGOR E PRECISIÓN</b>	En varias ocasións non existe rigor no tratamento de conceptos.

ACORDO: Comunicar á persoa aspirante a puntuación desagregada e a súa motivación consonte aos fundamentos do acordo.

7º.-

Data de presentación: 23.04.2026

Código de solicitude W1471055-896

CONTIDO DA RECLAMACIÓN: solicita unha copia do seu 2º exercicio, os criterios de corrección e valoración aplicados polo tribunal cualificador ao mesmo e, no seu caso, distribución da puntuación.

FUNDAMENTOS DO ACORDO: expedirase unha copia do exercicio, previo aboamento da taxa establecida. Así mesmo, comunicárase telefonicamente á persoa aspirante á posibilidade de acceder presencialmente ao exercicio de forma gratuíta.

De acordo co establecido nas Bases específicas que rexen o presente proceso selectivo, no segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, avalíanse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición. Trátase dunha proba que ten que ser lida obrigatoriamente ante o órgano de selección, en sesión pública. O exercicio puntúase de cero a dez puntos, sendo necesario para a súa superación, obter unha puntuación mínima de cinco puntos.

Ademais, como criterio de corrección, o órgano de selección acordou esixir un mínimo de solvencia en todos os temas desenvolto, polo que a presentación de temas en branco ou sen abordar provocaría a cualificación de non apto. Este criterio foi comunicado ás persoas aspirantes antes do inicio do segundo exercicio e consta, así mesmo, en acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2026 11:31	Páxina 15 de 19
3775-232	CSV: A1B9A7-D28339-A3854E-JWSAMS-Q4FLPC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Signifícase, así mesmo, que a lectura pública obligatoria permite ao órgano de selección apreciar de forma directa a claridade na presentación dos contidos, o grao de comprensión das materias e a solidez expositiva das persoas aspirantes.

Xa que logo, en aplicación do anterior, cómpre aclarar que é o exercicio o que debe acadar un mínimo de 5 puntos para que poda ser cualificado de apto, e non cada concreto epígrafe. Para obter a cualificación que resulte, en aplicación das bases que rexen o proceso selectivo, cada membro con dereito a voto asigna unha puntuación ao exercicio que servirá para o cálculo da media aritmética.

En atención ao solicitado, trasládase que a nota do exercicio é a seguinte: 4,25, resultante da distribución da seguinte puntuación:

Presidencia	Vogal 1º	Vogal 2º	Vogal 3º	Puntuación (media aritmética)
5	3	5	4	4,25

A aplicación dos criterios de corrección contidos nas bases que rexen o presente proceso selectivo, ao exercicio realizado pola persoa aspirante, contense na seguinte táboa:

<b>COÑECEMENTO DA MATERIA</b>	Presenta omisións relevantes, existindo epígrafes sen tratar, conceptos cuxo desenvolvemento obtén avaliacións de suficiencia básica e outros escasamente analizados que non acadan un contido mínimo. Figura, así mesmo, un apartado inconcluso. Excesivamente parco no tratamento dalgúns conceptos. Subraíase o moi limitado desenvolvemento dun dos temas . Obsérvase algún esforzo por realizar encadramentos ou introduccións da materia aínda que cun resultado moi discreto e algunha aportación destacable. Contén algunhas xeneralidades que non aportan información de calidade.
<b>CLARIDADE E ORDE</b>	En xeral, compréndese o discurso. A sistemática é mellorable pero existen transicións.
<b>EXPRESIÓN ESCRITA E CAPACIDADE DE</b>	A excesiva parquedade dalgúns epígrafes fronte a presenza de contidos superfluos, amosa un exercicio de síntese pouco eficiente. Con capacidade para a expresión escrita, sen destacar no manexo





<b>SÍNTESE</b>	da linguaxe específica.
<b>RIGOR E PRECISIÓN</b>	Obsérvanse erros.

ACORDO: Expedir unha copia do exercicio, previo aboamento da taxa establecida. Así mesmo, comunicar telefonicamente á persoa aspirante á posibilidade de acceder presencialmente ao exercicio de forma gratuíta. Comunicarlle a puntuación desagregada e a súa motivación consonte aos fundamentos do acordo.

8º.-

Data de presentación: 27.04.2026

Código de solicitude W1474282-8129

CONTIDO DA SOLICITUDE: solicita a revisión presencial do seu exame, a corrección e valoración desglosada do mesmo e a plantilla usada polo tribunal para corrixir epígrafes e contidos.

FUNDAMENTO DO ACORDO: conferirase acceso ao exercicio da aspirante.

De acordo co establecido nas Bases específicas que rexen o presente proceso selectivo, no segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, avalíanse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición. Trátase dunha proba que ten que ser lida obrigatoriamente ante o órgano de selección, en sesión pública. O exercicio puntúase de cero a dez puntos, sendo necesario para a súa superación, obter unha puntuación mínima de cinco puntos.

Ademais, como criterio de corrección, o órgano de selección acordou esixir un mínimo de solvencia en todos os temas desenvolto, polo que a presentación de temas en branco ou sen abordar provocaría a cualificación de non apto. Este criterio foi comunicado ás persoas aspirantes antes do inicio do segundo exercicio e consta, así mesmo, en acta.

Signifícase, así mesmo, que a lectura pública obligatoria permite ao órgano de selección apreciar de forma directa a claridade na presentación dos contidos, o grao de comprensión das materias e a solidez expositiva das persoas aspirantes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2026 11:31	Páxina 17 de 19
3775-232	CSV: A1B9A7-D28339-A3854E-JWSAMS-Q4FLPC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Xa que logo, en aplicación do anterior, cómpre aclarar que é o exercicio o que debe acadar un mínimo de 5 puntos para que poda ser cualificado de apto, e non cada concreto epígrafe. Para obter a cualificación que resulte, en aplicación das bases que rexen o proceso selectivo, cada membro con dereito a voto asigna unha puntuación ao exercicio que servirá para o cálculo da media aritmética.

Tocante aos contidos a desenvolver, cómpre apuntar que o temario conforma os diferentes temas a través dunha composición de concretos epígrafes. As persoas aspirantes, dentro da liberdade de composición que caracteriza a un exercicio cuxo obxecto é a exposición do nivel dos coñecementos adquiridos sobre concretas materia, teñen que acreditar un coñecemento suficiente do conxunto de ideas esenciais, conceptos clave, características básicas e regulación principal de cada tema a tratar e acompañar a súa exposición dunha suficiencia de precisión, rigor, claridade e síntese, sen que exista unha única resposta, esquema, perspectiva ou planteamento expositivo válido e excluínste de calquera outro.

En atención ao solicitado, trasládase que a nota do exercicio é a seguinte: 4, isto é, a media aritmética resultante da distribución da seguinte puntuación:

Presidencia	Vogal 1º	Vogal 2º	Vogal 3º	Puntuación (media aritmética)
3,5	4	4,5	4	4

A aplicación dos criterios de corrección contidos nas bases que rexen o presente proceso selectivo, ao exercicio realizado pola persoa aspirante, contense na seguinte táboa:

<b>COÑECEMENTO DA MATERIA</b>	Omítese o tratamento de varios epígrafes polo que presenta omisións relevantes. Existen apartados abordados escasamente e non se afonda en ideas e conceptos. Presenta moitas referencias ao articulado normativo, sendo un contido correcto e pertinente mais non se acompaña dun desenvolvemento suficiente das ideas.
<b>CLARIDADE E ORDE</b>	Defectos relevantes na claridade expositiva que levan a confusións e erros.
<b>EXPRESIÓN ESCRITA E CAPACIDADE DE</b>	A expresión escrita é pouco elaborada e o resultado é un texto escasamente cohesionado. O manexo da linguaxe





<b>SÍNTESE</b>	administrativa é escaso e mellorable. A presentación da información é excesivamente sintética, agás nalgún concreto apartado. O exercicio de síntese non é eficiente, omitíndose contidos relevantes.
<b>RIGOR E PRECISIÓN</b>	Falta de rigor en varias partes da exposición.

ACORDO: Conferir acceso ao exercicio da aspirante e comunicarlle a puntuación desagregada e a súa motivación consonte aos fundamentos do acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2026 11:31	Páxina 19 de 19
3775-232	CSV: A1B9A7-D28339-A3854E-JWSAMS-Q4FLPC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		